



ADENDA AO CONVENIO TRIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E D.A. PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA OS ANOS 2014, 2015 E 2016

En Santiago de Compostela, a 29 de xuño de 2015.

DUNHA PARTE, o Sr. D. José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias que lle outorga o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

DOUTRA PARTE, o Sr. D. José Luis Olazábal Ibars, presidente da Federación Galega de Loita e D.A., en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente adenda ao convenio de colaboración suscrito con data 18 de marzo de 2014 que establece para os anos 2014, 2015 e 2016 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Loita e a estes efectos,

EXPOÑEN

1.- Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 18 de marzo de 2014, un convenio de colaboración coa Federación Galega de Loita e D.A. por importe total de douscentos corenta e dous mil trescentos oitenta e oito euros (242.388,00€), coa seguinte distribución entre anos e por programas:

PROGRAMAS	2014	2015	2016
Gastos Xerais de Funcionamento	18.000,00€	18.000,00€	18.000,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	26.000,00€	26.000,00€	26.000,00€
Programa de Tecnificación e Rendemento – Programa Río 2016	34.580,00€	34.580,00€	34.580,00€
Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016	0,00€	0,00€	0,00€



Actividade deportiva en Idade Escolar	2.216,00€	2.216,00€	2.216,00€
Outros proxectos de especial relevancia	0,00€	0,00€	0,00€
TOTAL:	80.796,00€	80.796,00€	80.796,00€

A cláusula novena do Convenio de Colaboración prevé a creación dunha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio (Secretaría Xeral para o Deporte e Federación Galega de Loita) coa finalidade de efectuar un seguimento do grao de execución dos programas previstos no convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar.

Esta comisión constituíuse con data 17 de febreiro de 2015 e tal e como consta na acta asinada por Dña. Laura María Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e D. Sebastián Selas Díaz, xefe de Servizo de Deporte en Idade Escolar, en representación da Xunta de Galicia e D. José Luis Olazábal Ibars, presidente. e D. Pablo Rubén Pintos, director técnico, en representación da Federación Galega de Loita e D.A., quedou informada de que co obxecto de concretar a preparación cara a Río 2016 a Secretaría Xeral para o Deporte vese obrigada a facer unha modificación do anexo I sen que ésta supoña variación na contía asignada no mesmo, aínda que se establecerá un reparto económico diferente nos programas de actuación por parte da Federación Galega de Loita e D.A. así como una relación concreta dos deportistas galegos que conforman o grupo de preparación cara as olimpíadas de Río 2016.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, a Secretaría xeral para o Deporte, establece a necesidade de incorporar unhas modificacións no texto do convenio sen que isto altere o obxecto do mesmo.

A tal efecto, as partes subscriben a presente adenda que se suxeitará as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:



PROGRAMAS	2015	2016
Gastos Xerais de Funcionamento	18.000,00€	18.000,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	26.000,00€	26.000,00€
Programa de Tecnificación e Rendemento	26.580,00€	26.580,00€
Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016 José Cuba Vázquez Noelia Lalín Canda Eder Villanueva González Damián Iglesias Vilela Eliseo Permuy Soto Pablo García García Lidia Pérez Touriño Sara Vieitez Mariño	8.000 €	8.000 €
Actividade deportiva en Idade Escolar	2.216,00€	2.216,00€
TOTAL:	80.796,00€	80.796,00€

Segunda.- Incorporáranse na cláusula número catro do convenio as seguintes obrigas da Federación:

4.3. Con anterioridade ao primeiro dos pagamentos de cada anualidade da presente subvención, a Federación dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, no caso de que esta federación deportiva estea suxeita ao establecido no artigo 3 b) da devandita lei, recibindo durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros o cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros (Anexo VI).

4.4. Deberán velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

4.5. Deberán colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.



Tercera.- Incorpóranse na cláusula sexta do convenio, xustificación da subvención, as seguintes alíneas:

6.6. No caso de asinar a Federación un convenio de colaboración con algún club deportivo para que desenvolva ou organice actividades deportivas ou competitivas, deberá achegarse dito convenio así como a relación de facturas xustificativas (ou certificación de gastos por parte da entidade), abonadas polo club, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia.

6.7. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse al menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

Cuarta.- Incorpóranse na cláusula sétima do convenio, gastos subvencionables, as seguintes modificacións:

Apartado c).: O programa de "Tecnificación e Rendemento – Programa Rio 2016", pasa a denominarse programa de "Tecnificación e Rendemento", por estar Rio 2016 incorporado noutro programa.

Apartado d).: No programa "Grupo especial de alto rendemento – Programa Rio 2016", inclúense como gastos subvencionables os detallados a continuación:

Os gastos xustificados neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados o grupo especial alto rendemento Programa Rio 2016, comprendéndose os seguintes gastos:

- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade e gas.
- c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
- e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva.

Quinta.- Incorpóranse na cláusula oitava do convenio, gastos non subvencionables, as seguintes alíneas :



- g) Os premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- h) As axudas económicas a deportistas. Poderanse excepcional aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas axudas deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- i) As axudas económicas a entidades. Poderanse excepcional aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

Sexta.- Incorpórase o anexo VI coa certificación de cumprimento coa Lei 3 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno da federación.

ANEXO VI

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

Que segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, esta federación deportiva;

SI NO

está suxeita ao establecido no artigo 3 b) da devandita lei,

recibindo durante o período do ano 2014, axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros

ou cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2015

O Secretario Visto e prace,
O Presidente



En proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente adenda no lugar e data reseñado no encabezamento.

O secretario xeral para o Deporte



José Ramón Lete Lasa

O presidente da Federación Galega de Loita e D.A.

José Luis Olazábal Ibars